

## Tódolos Santos: "Un Samaín de morte"

A Asociación Xuvenil AMENCER en colaboración coa Obra Social Caixagalicia organiza para esta ponte de Tódolos Santos un programa de actividades aberto a nenos e nenas, mozos e mozas da nosa cidade. O proxecto denomínase: A Tope na ponte Tódolos Santos: "Un Samaín de morte".

Este proxecto de "A Tope na ponte" ten por obxectivos:

- achegarse ós rapaces e rapazas, mozos e mozas que non participan das actividades de ritmo semanal en Amencer,
- ser unha continuidade a menor escala da experiencia de verán do campamento urbano;
- converter as pontes en momentos de encontro, diversión e coa posibilidade de enriquecer eses posibles tempos mortos en momentos cheos de ledicia e festa.
- Realizar actividades internas que durante o ritmo ordinario non se poden organizar en Amencer.

A programación desta ponte é unha man chea de actividades para tódolos gustos e idades, da que damos a programación do sábado, 1 :

### "Un Samaín de morte"

#### SÁBADO, 1 NOVIEMBRE

##### **11:00-13:00 h Viaxa por Galiza**

Unha xincana aberta a todo rapaza e rapaza de 6 a 14 anos onde faremos un percorrido por Galiza empregando un taboleiro con aspectos xeográficos, lingüísticos e culturais de Galiza (lugares, refráns, expresións de Mellor Dito, xogos e cancións populares, datas e días tradicionais...) e os posíbeis imprevistos da viaxe (pinchazos, falta de gasolina, etc.)

**16:30-21:00: "Sala aberta"** un lugar para encontrarse e estar con música, televisión ...

**16:30-18:00: Ciclo de cine terrorífico: "A hora do terror":** película en pantalla grande para tódolos públicos

**18:30-20:00 h: Casa do terror infantil:** convertemos as salas de Amencer nun local onde a sorpresa e o medo xurdirán espontaneamente. É unha actividade para rapaces e rapazas de 6 a 14 anos e poder pasar unha tarde divertida e levar uns bos sustos.

**21:30-23:00 h: Casa do terror xuvenil:** para mozos e mozas a partir de 14 anos. Actividade para pasar moito medo.